



# CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 · 15613 A CAPELA (A Coruña)  
Teléf.: 981 45 90 06 · Fax: 981 45 93 71  
C. Elec.: correo@concellodacapela.es · www.concellodacapela.es

## **BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 31 DE MARZO DE 2015**

### **ASISTENTES:**

Presidente:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

### **CONCELLEIROS/AS:**

D.<sup>a</sup> MARINA BOUZA COUCE

D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO

D.<sup>a</sup> DELIA PAZ ARDAO

### **SECRETARIO:**

D. JOSE A. MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesiões desta casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás nove horas, trinta e sete minutos do día trinta e un de marzo de dous mil quince baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

Non asisten á sesión D. Javier Bouza Bermúdez, D.<sup>a</sup> Olga María Blanco Teijeiro, D. Fernando Vilar Díaz.

## **1. LECTURA E APROABACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE FEBREIRO DE 2015. ACORDO QUE PROCEDA**

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e oito de febreiro de dous mil quince.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a acta da sesión anterior.

## **2. CESIÓN GRATUÍTA DO INMOBLE DENOMINADO ESCOLA DE GUITIRIZ Á ASOCIACIÓN DO PATRONATO DO MUSEO ETNOGRÁFICO DA CAPELA. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA**

Dase conta polo Sr. Alcalde - Presidente do expediente instruído para a cesión á Asociación do Patronato do Museo etnográfico da Capela, da escola de Guitiriz. Remítese ao manifestado na derradeira Comisión informativa de asuntos do pleno, realizada o día 26 de marzo de 2015.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que efectivamente hai certos edificios de titularidade municipal que están desocupados, e é positivo darlles uso a favor das Asociacións do Concello, xa que segundo experiencia propia tendo local fixo as actividades multiplicáanse.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, maniféstase que este asunto xa foi falado na Xunta de voceiros e nun pleno anterior e si a asociación do Patronato do museo etnográfico da Capela está de acordo coas condicións, pois perfecto.

Remata a rolda de intervencións deste asunto a voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, para subscribir o xa manifestado polos voceiros de Grupos Municipais do PP e AIAC, no senso de que os edificios de titularidade municipal hai que darlles un uso.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Sres./Sra. Concelleiros /a asistentes á sesión, (6 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/a dos Grupos Municipais do PS de G - PSOE, PP, AIAC e Mixto - BNG , co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación), adopta o seguinte acordo:

1. Ceder gratuítamente á Asociación do Patronato do Museo etnográfico da Capela o ben inmovible denominado ESCOLA DE GUITIRIZ propiedade do Concello da Capela con destino ao proxecto museístico da Asociación.
2. O ben inmovible cédese polo prazo de vinte e cinco anos, revertindo automaticamente ó concello co transcurso do mencionado prazo. Revertirá asimesmo ao Concello se nón é destinado ó uso previsto no termo máximo de dous anos.
3. Anotar a cesión gratuíta no Inventario Municipal de Bens.
4. Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para que subscriba todas as actuacións que se deriven do mencionado expediente.
5. Notificar o presente acordo á Asociación do Patronato do Museo Etnográfico da Capela.

### 3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2/2015. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente número 2 de modificación de créditos, que ascende á cantidade de 27.862,60€, aos efectos de incluír no orzamento municipal do exercicio 2015 as seguintes subvencións outorgadas pola Deputación Provincial da Coruña.:

1. Atención a visitantes no Portal Fragas do Eume:.....	2.340 €
2. Cursos de reciclaxe, separación de residuos, e conservación do medio ambiente :	2.150 €
3. Reparación do mirador de Teixido e do seu Acceso.....	12.000 €
4. Reparación do lavadoiro da Corveira.....	5.400 €
5. Reparacións na Casa de Cultura.....	2.496,60€
6. Substitución de portais no pavillón polideportivo Dos Calzados.....	3.476 €

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, maniféstase que unha vez que vén o diñeiro non se pode dicir que non, pero deberíase consensuar con antelación as obras para as que se piden subvencións. En realidade trátase de que o consenso funcione e que haxa máis democracia.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, maniféstase que é un tema en realidade puramente administrativo, e do que se trata é de incorporar o diñeiro das subvencións ao orzamento; móstrase de acordo co voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, no sentido de que se deberían consensuar as peticións.

Remata a rolda de intervencións a voceira do Grupo Mixto - BNG, D.<sup>a</sup> Delia Paz Ardao, para manifestar que subscribe o dito polos voceiros dos Grupos Municipais do P P e AIAC.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que se podería someter este asunto ao Consello de Participación veciñal, previo á solicitude de subvencións polo Concello.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos Sres. /Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión, (6 votos a favor dos Sres./a Concelleiros/a dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE, PP , AIAC e Mixto - BNG), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobación do expediente de modificación de créditos número 2/2015, pola modalidade de xeración de créditos (novos ingresos), de acordo co seguinte cadro:

CAPÍTULO	Consignación Inicial	Suplemento de Crédito	Xeración de Crédito	Total Consignac. Resultante
I Gtos Persoal	323.231,24€			323,231,24€
II Gtos Bens Correntes	574.426,72€	10.462,60€		584.889,32€
III Gtos Financieros	0,00€			0,00
IV Transf. Correntes	23.000,00€			23.000,00€
VI Investimentos Reais	218.925,07€		17.400,00€	236.325,07€
VII Transf. de Capital	0,00€			0,00€
VIII Activos Financieros	0,00€			0,00€
IX Pasivos Financieros	0,00€			0,00€
TOTAL	1.139.583,03€			1.167.445,63€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente, con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de quince días hábiles, aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

**4. ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS PROCEDIMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NOS ACTOS DE USO DO SOLO E DO SUBSOLO E NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.**

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción da ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos, que foi informada favorablemente na derradeira comisión realizada o derradeiro día 26 de marzo de 2015.

Dí o Sr. Alcalde, que do que se trata é de regular o outorgamento das licenzas urbanísticas e das comunicacións previas de obras e de apertura de establecementos, quizáis non se poida cumprir ao pé da letra, pero trátase dunha normativa necesaria para o Concello.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que efectivamente o que se trata é de ordenar as actuacións do Concello no eído urbanístico e de apertura de establecementos, é insiste no manifestado na Comisión informativa de asuntos do pleno de que a obriga de colocación do letreiro, no caso das obras maiores pode supoñer un gasto excesivo para os veciños.

Remata a súa intervención dicindo que é básico e fundamental ordenar este tipo de actuacións.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que non hai nada que obxectar, é positivo que exista esta regulación, xa que se trata de que todos veciños teñan os mesmos dereitos.

Pola voceira do Grupo Mixto- BNG, dí que o concello tén que ter un instrumento que regule estes asuntos, pero iso non quita a ordenanza poida ser obxecto de mellora é refire a modo de exemplo o do cartel das obras.

Por unanimidade dos Sres. Concelleiros/a asistentes á sesión acordáse enmendar o artigo 24 da ordenanza de referencia suprimindo o apartado 2º e 3º que fai referencia á obrigatoriedade de colocación do cartel no lugar da obra.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da corporación, por unanimidade dos Sres./Sra. Concelleiros/a asistentes á sesión (6 votos a favor dos Sres./a Concelleiros/a dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE, PP, AIAC e Mixto - BNG), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

2º. Expoñer ao público o mencionado acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de 30 días.

3º. No suposto de non terse presentado reclamación ou alegacións o acordo inicial de aprobación entenderáse definitivamente adoptado, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza no BOP.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

**O Alcalde-Presidente,**

Manuel Meizoso López



**O Secretario,**

José A. Meizoso Paz

